



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA A SUBSTITUCIÓN DO TRABALLADOR JUAN JOSÉ POSE MOUZO. EXP. 2023/X999/000473

Antecedentes:

- Bases xerais aprobadas pola resolución de Alcaldía núm. 1050/2022 do 20-12-2022, rectificada pola resolución núm. 1066/2022 do 22-12-2022 (publicadas no BOP núm. 245 do 29-12-2022) que rexeron as convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura de prazas incluídas na OPE extraordinaria-estabilización de emprego temporal de 2022 do Concello de Ponteceso, en especial a base xeral 16, que regula a formación das bolsas de emprego.
- Resolución de Alcaldía núm. 732/2023 do 06/09/2023 pola que se aproba a actualización das bolsas de emprego aprobadas pola resolución núm. 514/2023, de data 13 de xuño de 2023, resultantes dos distintos procesos selectivos de estabilización do emprego temporal do exercicio 2022 do Concello de Ponteceso, para cada unha das prazas convocadas de persoal laboral.
- Informe de Datos para a Cotización/traballadores por Conta Allea-Información por Período de Liquidación e Número de Seguridade Social emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social o 14-12-2023, no que consta como data de inicio da IT de Juan José Pose Mouzo o 19-06-2023.
- Providencia de Alcaldía de data 18-12-2023 na que se establece que se proceda a realizar os chamamentos e polo T.A.X.-coordinador xeral se emita o informe proposta para a cobertura por substitución do traballador, Juan José Pose Mouzo, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos, en incapacidade temporal desde o 19-06-2023, polo tempo que dure a súa baixa e ata a súa incorporación, empregando para isto a bolsa de condutores de obras e servizos aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 732/2023 do 06-09-2023, que actualiza as distintas bolsas de emprego aprobadas pola resolución núm. 514/2023, de data 13 de xuño de 2023, resultantes dos distintos procesos selectivos de estabilización do emprego temporal do exercicio 2022 do Concello de Ponteceso para cada unha das categorías das prazas convocadas ao abeiro da Oferta de Emprego Público de carácter extraordinario.

Na data de 29-12-2023 emitiuse pola funcionaria D^a. María José Sueiro Pose o informe sobre os chamamentos o cal é do seguinte teor literal:

"INFORME:

.....
*Logo de realizar os chamamentos, conclúese o seguinte resultado: Realízase chamamento telefónico o día 26-12-2023 a JOSE GONZALEZ IGLESIAS, con DNI ***5223**, único candidato da bolsa, contestando que acepta cubrir o posto de Juan José Pose Mouzo mediante escrito presentado por rexistro o 28-12-2023 con número de entrada 202300000002512."*

Na data de 02-01-2024 emítase polo TAX-coordinador o seu informe-proposta o cal conclúe:

"O posto de orixe a cubrir é de natureza estrutural, persoal laboral fixo, praza de condutor, tempo completo e Grupo IV, grupo de cotización á seguridade social 8. A modalidade que se poderá empregar será o contrato de duración determinada para a substitución da persoa



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

traballadora D. Juan José Pose Mouzo a causa da súa baixa por IT, ao abeiro do establecido no artigo 15.3 ddo RDL 5/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e a súa duración será ata a incorporación do traballador ao que substituirá.

A retribución a percibir será a que corresponde á praza de condutor no Anexo de Persoal do vixente Orzamento Municipal.

*Acreditados os chamamentos no informe transcrito e a aceptación de JOSE GONZALEZ IGLESIAS, con DNI ***5223** presentada o día 28-12-2023, candidato núm. 1 da vixente bolsa de emprego para os postos de condutor de obras e servizos, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 732/2023 do 06-09-2023, que actualiza as distintas bolsas de emprego aprobadas pola resolución núm. 514/2023, de data 13 de xuño de 2023, resultantes dos distintos procesos selectivos de estabilización do emprego temporal do exercicio 2022 do Concello de Ponteceso para cada unha das categorías das prazas convocadas ao abeiro da Oferta de Emprego Público de carácter extraordinario, cómpre elevar a proposta de contratación, a cal será sometida á fiscalización previa da Intervención Municipal.*

Por todo o anterior elevo a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- *Contratar como CONDUCTOR DE OBRAS E SERVIZOS a D. JOSE GONZALEZ IGLESIAS, co DNI ***5223**, como persoal laboral temporal de duración determinada para a substitución da persoa traballadora D. Juan José Pose Mouzo a causa da súa baixa por IT, ao abeiro do establecido no artigo 15.3 do RDL 5/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e a súa duración será ata a incorporación do traballador ao que substituirá. A retribución a percibir será a que corresponde á praza de condutor no Anexo de Persoal do vixente Orzamento Municipal, Grupo IV, grupo de cotización á seguridade social 8.*

Segundo.- *Notificar ao interesado, publicar no taboleiro electrónico, dar conta á Intervención e á Tesourería e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.*

.....”

Na data de 04-01-2024 a intervención municipal emite o seu informe de fiscalización previa o cal conclúe en sentido desfavorable, sen efectos suspensivos, baseado na ausencia ausencia de unha Relación de Postos de traballo que valore de forma obxectiva os postos que son obxecto de contratación.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

RESOLVO

Primeiro.- Contratar como **CONDUTOR DE OBRAS E SERVIZOS a D. JOSE GONZALEZ IGLESIAS, co DNI ***5223****, como persoal laboral temporal de duración determinada para a substitución da persoa traballadora D. Juan José Pose Mouzo a causa da súa baixa por IT, ao abeiro do establecido no artigo 15.3 do RDL 5/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e a súa duración será ata a incorporación do traballador ao que substituirá. A retribución a percibir será a que corresponde á praza de condutor no Anexo de Persoal do vixente Orzamento Municipal, Grupo IV, grupo de cotización á seguridade social 8.

Segundo.- Notificar ao interesado, publicar no taboleiro electrónico, dar conta á Intervención e á Tesourería e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre

Documento asinado dixitalmente polo Sr. alcalde-presidente, D. José Manuel Mato Martínez, ante min, o secretario accidental, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

O secretario accidental

Asdo.: José Manuel Mato Martínez

Asdo.: Emilio Caínzos Quintás